

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*ORDE do 22 de decembro de 2022 pola que se resolve a convocatoria de axudas para centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura para o curso 2022/23.*

Mediante a Orde do 14 de xullo de 2022 (DOG do 1 de setembro), a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicou unha convocatoria de axudas para centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura para o curso 2022/23.

Unha vez rematado o procedemento establecido na convocatoria, cómpre facer pública a súa resolución definitiva indicando, para cada modalidade, a relación de centros beneficiarios das axudas e a contía, de conformidade co previsto no artigo 11 da devandita orde.

En consecuencia, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

**RESOLVO:**

Primeiro. Integrar no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o curso 2022/23, os 10 novos centros privados concertados seleccionados, que se relacionan no anexo I, coa concesión das axudas que se sinalan.

Segundo. Conceder as contías que se detallan nos anexos II e III aos centros privados concertados integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares ao abeiro das convocatorias deste programa correspondentes aos anos 2021 e 2016-2020, respectivamente, revisadas as memorias de actividades desenvolvidas durante o ano académico 2021/22, así como as liñas prioritarias de actuación presentadas para o curso 2022/23.

Terceiro. Da mesma forma, conceder as contías que se sinalan no anexo IV aos centros que solicitaron, en tempo e forma, axudas na modalidade Clubs de lectura.

Cuarto. Conceder as axudas que se sinalan no anexo V aos centros seleccionados na modalidade denominada Radio na biblio.



Quinto. Así mesmo, conceder as contías detalladas no anexo VI aos centros solicitantes, en tempo e forma, de axudas na modalidade Biblioteca inclusiva.

Sexto. Conceder as contías detalladas no anexo VII aos centros seleccionados na modalidade Lectura e familias.

Sétimo. Asignar, por un importe total de 234.150 €, as contías que se detallan nos devanditos anexos, destinadas a apoiar os procesos de transformación das bibliotecas en centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe, favorecer as actividades de fomento da lectura e de educación no acceso e uso da información, favorecer a creación de laboratorios de radio vinculados á bibliotecas xa integradas no Plan de mellora e facilitar avances cara a unha biblioteca inclusiva, de acordo cos proxectos e liñas prioritarias de actuación presentadas ao abeiro da Orde do 14 de xullo da convocatoria.

Oitavo. Os gastos realizados xustificaranse, segundo o previsto no punto 2 do artigo décimo segundo da Orde do 14 de xullo de 2022, antes do 10 de xuño de 2023. Con ese mesmo límite de datas deberá cubrirse o formulario, de ser o caso, e entregarse as memorias correspondentes ás distintas liñas de axuda recibidas, segundo o recollido no artigo 13 da orde de convocatoria. O acceso ao formulario web para os centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, a que se fai referencia no punto 1.1 do devandito artigo da Orde do 14 de xullo, seralles remitido desde a unidade de seguimento destes programas (Asesoría de bibliotecas escolares).

Noveno. A non entrega da memoria e/ou da xustificación do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das axudas concedidas e o centro deberá reintegrar a cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir. Da mesma forma, o incumprimento total ou parcial dos programas ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión poderá dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Décimo. Tanto a Inspección educativa como as persoas responsables en materia de bibliotecas escolares da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderán supervisar e avaliar o funcionamento das bibliotecas adscritas ao Plan de mellora de bibliotecas escolares.

Décimo primeiro. Tal e como se recolle no artigo 19 da orde de convocatoria, a participación do profesorado implicado no programa de innovación educativa denominado Plan



de mellora de bibliotecas escolares, en calidade de responsable da biblioteca escolar, con funcións de coordinación do equipo de apoio á biblioteca, e pola especial dedicación que require, recibirá unha certificación de innovación, equivalente a 30 horas de formación do profesorado por ano académico, ao abeiro do artigo 37 da Orde do 14 de maio de 2013, pola que se regulan a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado de Galicia.

Décimo segundo. Os centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares en virtude desta convocatoria están obrigados a integrar o logo oficial deste programa nos seus espazos web e nos documentos que difundan actividades da biblioteca escolar, para o que lles será remitido o correspondente arquivo desde a unidade de seguimento do programa. Da mesma forma, a páxina web do centro deberá incluír, entre a información das súas instalacións, imaxes e unha descrición mínima da biblioteca escolar, así como dos seus principais recursos e servizos á comunidade educativa.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de acordo cos artigos 10, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2022

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades





ANEXO I

**Centros que se integran no Plan de mellora de bibliotecas escolares na convocatoria de 2022. Artigo 16, punto 2.a), da Orde do 14 de xullo de 2022**

Código	Centro	Concello	Provincia	Fondos 2022 (€)	Equip. 2022 (€)	Gastos fto. 2022 (€)	Total 2022 (€)	Fondos 2023 (€)	Equip. 2023 (€)	Gastos fto. 2023 (€)	Total 2023 (€)	Total axuda (€)
15004782	CPR Plurilingüe La Grande Obra de Atocha	A Coruña	A Coruña	1.050,00	670,00	170,00	1.890,00	2.100,00	1.340,00	340,00	3.780,00	5.670,00
15004654	CPR Plurilingüe Santo Domingo	A Coruña	A Coruña	1.000,00	620,00	170,00	1.790,00	2.000,00	1.240,00	340,00	3.580,00	5.370,00
15013461	CPR Plurilingüe San José	Pontevedra	A Coruña	750,00	400,00	170,00	1.320,00	1.500,00	800,00	340,00	2.640,00	3.960,00
15015524	CPR Plurilingüe Vilas Alborada	Santiago de Compostela	A Coruña	750,00	400,00	170,00	1.320,00	1.500,00	800,00	340,00	2.640,00	3.960,00
27010911	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Ribadeo	Lugo	900,00	550,00	170,00	1.620,00	1.800,00	1.100,00	340,00	2.640,00	4.860,00
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	Pontevedra	1.050,00	670,00	170,00	1.890,00	2.100,00	1.340,00	340,00	3.780,00	5.670,00
36011270	CPR Plurilingüe Rosalía de Castro	Vigo	Pontevedra	1.000,00	620,00	170,00	1.790,00	2.000,00	1.240,00	340,00	3.580,00	5.370,00
36011750	CPR Plurilingüe Don Bosco	Vigo	Pontevedra	800,00	450,00	170,00	1.420,00	1.600,00	900,00	340,00	2.840,00	4.260,00
36010824	CPR Plurilingüe Monterrey	Vigo	Pontevedra	900,00	550,00	170,00	1.620,00	1.800,00	1.100,00	340,00	3.240,00	4.860,00
36011257	CPR Plurilingüe El Pilar	Vigo	Pontevedra	950,00	570,00	170,00	1.690,00	1.900,00	1.140,00	340,00	3.380,00	5.070,00

ANEXO II

**Centros concertados integrados no Plan de mellora de BE no ano 2021. Artigo 16, punto 2.b), da Orde do 14 de xullo de 2022**

Código	Centro	Concello	Provincia	Fondos 2022 (€)	Equip. 2022 (€)	Gastos fto. 2022 (€)	Total 2022 (€)	Fondos 2023 (€)	Equip. 2023 (€)	Gastos fto. 2023 (€)	Total 2023 (€)	Total axuda (€)
15003200	CPR Plurilingüe Manuela Rial Mouzo	Cee	A Coruña	800,00	450,00	125,00	1.375,00	1.600,00	900,00	250,00	2.750,00	4.125,00
15015366	CPR Plurilingüe Casa do Neno	Santiago de Compostela	A Coruña	650,00	300,00	125,00	1.075,00	1.300,00	600,00	250,00	2.150,00	3.225,00





Código	Centro	Concello	Provincia	Fondos 2022 (€)	Equip. 2022 (€)	Gastos fto. 2022 (€)	Total 2022 (€)	Fondos 2023 (€)	Equip. 2023 (€)	Gastos fto. 2023 (€)	Total 2023 (€)	Total axuda (€)
32008665	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Ourense	Ourense	750,00	400,00	125,00	1.275,00	1.500,00	800,00	250,00	2.550,00	3.825,00
36001008	CPR Plurilingüe Compañía de María	Cangas	Pontevedra	800,00	450,00	125,00	1.375,00	1.600,00	900,00	250,00	2.750,00	4.125,00
36014234	CPR Plurilingüe Atalaya - Cantabria	Vigo	Pontevedra	650,00	300,00	125,00	1.075,00	1.300,00	600,00	250,00	2.150,00	3.225,00
36011166	CPR Plurilingüe María Inmaculada	Vigo	Pontevedra	850,00	500,00	125,00	1.475,00	1.700,00	1.000,00	250,00	2.950,00	4.425,00
36011385	CPR Plurilingüe Ntra. Señora de la Esperanza	Vigo	Pontevedra	650,00	300,00	125,00	1.075,00	1.300,00	600,00	250,00	2.150,00	3.225,00
36011491	CPR Plurilingüe Possumus	Vigo	Pontevedra	650,00	300,00	125,00	1.075,00	1.300,00	600,00	250,00	2.150,00	3.225,00

## ANEXO III

**Centros concertados integrados no Plan de mellora de BE nos anos 2016-2017-2018-2019-2020 (artigo 16, punto 2.c), da Orde do 14 de xullo de 2022**

Código	Centro	Concello	Provincia	Total 2022 (€)	Total 2023 (€)	Total axuda (€)
15004083	CPR Plurilingüe Compañía de María	A Coruña	A Coruña	550,00	1.100,00	1.650,00
15004198	CPR Plurilingüe Hijas de Jesús	A Coruña	A Coruña	550,00	1.100,00	1.650,00
15022000	CPR Plurilingüe Montegrande	A Coruña	A Coruña	450,00	900,00	1.350,00
15000600	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. del Rosario	Arzúa	A Coruña	500,00	1.000,00	1.500,00
15001112	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen	Betanzos	A Coruña	450,00	900,00	1.350,00
15006353	CPR Plurilingüe Jorge Juan	Fene	A Coruña	500,00	1.000,00	1.500,00
15006481	CPR Plurilingüe Compañía de María	Ferrol	A Coruña	500,00	1.000,00	1.500,00
15006501	CPR Plurilingüe Cristo Rey	Ferrol	A Coruña	550,00	1.100,00	1.650,00
15006390	CPR Plurilingüe Jesús Maestro	Ferrol	A Coruña	450,00	900,00	1.350,00
15006882	CPR Plurilingüe Valle Inclán I	Ferrol	A Coruña	500,00	1.000,00	1.500,00
15007230	CPR Ntra. Sra. del Carmen	Fisterra	A Coruña	500,00	1.000,00	1.500,00



Código	Centro	Concello	Provincia	Total 2022 (€)	Total 2023 (€)	Total axuda (€)
15010071	CPR Jorge Juan	Narón	A Coruña	500,00	1.000,00	1.500,00
15010769	CPR Plurilingüe María Assumpta	Noia	A Coruña	500,00	1.000,00	1.500,00
15015548	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Santiago de Compostela	A Coruña	450,00	900,00	1.350,00
15015597	CPR Plurilingüe La Milagrosa	Santiago de Compostela	A Coruña	550,00	1.100,00	1.650,00
15015627	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Santiago de Compostela	A Coruña	700,00	1.400,00	2.100,00
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	500,00	1.000,00	1.500,00
32016194	CPR Plurilingüe Guillelme Brown	O Pereiro de Aguiar	Ourense	450,00	900,00	1.350,00
32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	Ourense	Ourense	550,00	1.100,00	1.650,00
32008604	CPR Plurilingüe Santa María	Ourense	Ourense	550,00	1.100,00	1.650,00
32013557	CPR Plurilingüe María Inmaculada	Verín	Ourense	500,00	1.000,00	1.500,00
36019840	CEEPR San Jerónimo Emiliani	A Guarda	Pontevedra	500,00	1.000,00	1.500,00
36016115	CPR Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	550,00	1.100,00	1.650,00
36018847	CEEPR Juan María	Nigrán	Pontevedra	450,00	900,00	1.350,00
36017031	CEEPR Aceesca	O Porriño	Pontevedra	450,00	900,00	1.350,00
36006997	CPR Santo Tomás	O Porriño	Pontevedra	450,00	900,00	1.350,00
36006699	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Pontevedra	Pontevedra	550,00	1.100,00	1.650,00
36016024	CPR Plurilingüe Abrente	Sanxenxo	Pontevedra	550,00	1.100,00	1.650,00
36011622	CPR Aloya	Vigo	Pontevedra	500,00	1.000,00	1.500,00
36014209	CPR Plurilingüe Andersen Aungalonga	Vigo	Pontevedra	500,00	1.000,00	1.500,00
36010356	CPR Plurilingüe Escuelas Nieto	Vigo	Pontevedra	450,00	900,00	1.350,00
36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Vigo	Pontevedra	550,00	1.100,00	1.650,00
36011178	CPR Plurilingüe Miralba	Vigo	Pontevedra	550,00	1.100,00	1.650,00
36011351	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Vigo	Pontevedra	550,00	1.100,00	1.650,00
36011312	CPR San Fermín	Vigo	Pontevedra	500,00	1.000,00	1.500,00





ANEXO IV

Clubs de lectura-concertados. Artigo 21, punto 2 da Orde do 14 de xullo de 2022

Código	Centro	Concello	Provincia	Total 2022 (€)	Total 2023 (€)	Total axuda (€)
15004460	CPR Plurilingüe Peñarredonda	A Coruña	A Coruña	300,00	600,00	900,00
15004782	CPR Plurilingüe La Grande Obra de Atocha	A Coruña	A Coruña	420,00	840,00	1.260,00
15001112	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen	Betanzos	A Coruña	400,00	800,00	1.200,00
15020489	CPR Plurilingüe Montespino	Culleredo	A Coruña	300,00	600,00	900,00
15006353	CPR Plurilingüe Jorge Juan	Fene	A Coruña	400,00	800,00	1.200,00
15006547	CPR Plurilingüe San Rosendo	Ferrol	A Coruña	400,00	800,00	1.200,00
15006882	CPR Plurilingüe Valle Inclán I	Ferrol	A Coruña	400,00	800,00	1.200,00
15006420	CPR Plurilingüe La Salle	Ferrol	A Coruña	420,00	840,00	1.260,00
15007230	CPR Ntra. Sra. del Carmen	Fisterra	A Coruña	420,00	840,00	1.260,00
15014349	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Ribeira	A Coruña	400,00	800,00	1.200,00
15015482	CPR Plurilingüe Emma	Santiago de Compostela	A Coruña	300,00	600,00	900,00
15015548	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Santiago de Compostela	A Coruña	400,00	800,00	1.200,00
15015627	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Santiago de Compostela	A Coruña	560,00	1.120,00	1.680,00
27004453	CPR Plurilingüe Martínez Otero	Foz	Lugo	300,00	600,00	900,00
27006231	CPR Plurilingüe Divina Pastora	Lugo	Lugo	200,00	400,00	600,00
27006280	CPR Plurilingüe Padres Franciscanos	Lugo	Lugo	200,00	400,00	600,00
27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Lugo	Lugo	520,00	1.040,00	1.560,00
27010911	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Ribadeo	Lugo	520,00	1.040,00	1.560,00
32016194	CPR Plurilingüe Guillelme Brown	O Pereiro de Aguiar	Ourense	420,00	840,00	1.260,00
32008458	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Ourense	Ourense	400,00	800,00	1.200,00
32008513	CPR Plurilingüe Santa Teresa de Jesús	Ourense	Ourense	400,00	800,00	1.200,00
32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	Ourense	Ourense	520,00	1.040,00	1.560,00
36003960	CPR Plurilingüe Padres Somascos	A Guarda	Pontevedra	420,00	840,00	1.260,00





Código	Centro	Concello	Provincia	Total 2022 (€)	Total 2023 (€)	Total axuda (€)
36001008	CPR Plurilingüe Compañía de María	Cangas	Pontevedra	420,00	840,00	1.260,00
36016115	CPR Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	520,00	1.040,00	1.560,00
36006997	CPR Santo Tomás	O Porriño	Pontevedra	400,00	800,00	1.200,00
36007527	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Ponteareas	Pontevedra	420,00	840,00	1.260,00
36006699	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Pontevedra	Pontevedra	520,00	1.040,00	1.560,00
36016024	CPR Plurilingüe Abrente	Sanxenxo	Pontevedra	520,00	1.040,00	1.560,00
36011257	CPR Plurilingüe El Pilar	Vigo	Pontevedra	400,00	800,00	1.200,00
36011351	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Vigo	Pontevedra	400,00	800,00	1.200,00
36011166	CPR Plurilingüe María Inmaculada	Vigo	Pontevedra	420,00	840,00	1.260,00
36011750	CPR Plurilingüe Don Bosco	Vigo	Pontevedra	420,00	840,00	1.260,00
36025037	CPR Plurilingüe Las Acacias-Montecastelo	Vigo	Pontevedra	420,00	840,00	1.260,00
36010848	CPR Plurilingüe San Fernando	Vigo	Pontevedra	520,00	1.040,00	1.560,00
36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Vigo	Pontevedra	520,00	1.040,00	1.560,00
36011312	CPR San Fermín	Vigo	Pontevedra	520,00	1.040,00	1.560,00
36011385	CPR Plurilingüe Ntra. Señora de la Esperanza	Vigo	Pontevedra	560,00	1.120,00	1.680,00

ANEXO V

Radio na biblio-concertados. Artigo 24, punto 3, da Orde do 14 de xullo de 2022

Código	Centro	Concello	Provincia	Equip. 2022 (€)	Formac. 2022 (€)	Total 2022 (€)	Equip. 2023 (€)	Formac. 2023 (€)	Total 2023 (€)	Total axuda (€)
15006501	CPR Plurilingüe Cristo Rey	Ferrol	A Coruña	400,00	280,00	680,00	800,00	560,00	1.360,00	2.040,00
15015597	CPR Plurilingüe La Milagrosa	Santiago de Compostela	A Coruña	400,00	280,00	680,00	800,00	560,00	1.360,00	2.040,00
32013557	CPR Plurilingüe María Inmaculada	Verín	Ourense	400,00	280,00	680,00	800,00	560,00	1.360,00	2.040,00
36001008	CPR Plurilingüe Compañía de María	Cangas	Pontevedra	400,00	280,00	680,00	800,00	560,00	1.360,00	2.040,00
36011385	CPR Plurilingüe Ntra. Señora de la Esperanza	Vigo	Pontevedra	400,00	280,00	680,00	800,00	560,00	1.360,00	2.040,00





ANEXO VI

**Biblioteca inclusiva. Artigo 29, punto 2, da Orde do 14 de xullo de 2022**

Código	Centro	Concello	Provincia	Total 2022 (€)	Total 2023 (€)	Total axuda (€)
15004010	CPR Calasanz-PP Escolapios	A Coruña	A Coruña	1.000,00	2.000,00	3.000,00
15004782	CPR Plurilingüe La Grande Obra de Atocha	A Coruña	A Coruña	1.000,00	2.000,00	3.000,00
15000600	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. del Rosario	Arzúa	A Coruña	1.000,00	2.000,00	3.000,00
15006511	CPR Plurilingüe Santa Juana de Lestonnac	Ferrol	A Coruña	1.000,00	2.000,00	3.000,00
15006547	CPR Plurilingüe San Rosendo	Ferrol	A Coruña	1.000,00	2.000,00	3.000,00
15006882	CPR Plurilingüe Valle Inclán I	Ferrol	A Coruña	500,00	1.000,00	1.500,00
15015366	CPR Plurilingüe Casa do Neno	Santiago de Compostela	A Coruña	500,00	1.000,00	1.500,00
32008665	CPR Plurilingüe Divino Maestro	Ourense	Ourense	1.000,00	2.000,00	3.000,00
36003960	CPR Plurilingüe Padres Somascos	A Guarda	Pontevedra	1.000,00	2.000,00	3.000,00
36006699	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	Pontevedra	Pontevedra	500,00	1.000,00	1.500,00
36010356	CPR Plurilingüe Escuelas Nieto	Vigo	Pontevedra	1.000,00	2.000,00	3.000,00
36011166	CPR Plurilingüe María Inmaculada	Vigo	Pontevedra	1.000,00	2.000,00	3.000,00

ANEXO VII

**Lectura e familias. Artigo 32, punto 3, da Orde do 14 de xullo de 2022**

Código	Centro	Concello	Provincia	Fondos. 2022 (€)	Formac. 2022 (€)	Total 2022 (€)	Formac. 2023 (€)	Formac. 2023 (€)	Total 2023 (€)	Total axuda (€)
15015627	CPR Plurilingüe San José de Cluny	Santiago de Compostela	A Coruña	580,00	250,00	830,00	1.160,00	500,00	1.660,00	2.490,00
36016024	CPR Plurilingüe Abrente	Sanxenxo	Pontevedra	580,00	250,00	830,00	1.160,00	500,00	1.660,00	2.490,00
36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Vigo	Pontevedra	580,00	250,00	830,00	1.160,00	500,00	1.660,00	2.490,00
36011312	CPR San Fermín	Vigo	Pontevedra	580,00	250,00	830,00	1.160,00	500,00	1.660,00	2.490,00
36011385	CPR Plurilingüe Ntra. Señora de la Esperanza	Vigo	Pontevedra	580,00	250,00	830,00	1.160,00	500,00	1.660,00	2.490,00

